

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DR. LOPEZ SUAREZ
CURSO: 1º DE ESO
MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
DEPARTAMENTO: FRANCÉS
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais	
Comprender preguntas moi sinxelas relativas a información persoal así como instrucións relativas ao comportamento na aula.	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos: nome, idade, enderezo, nivel de estudos sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou detalles relevantes.	Comprende frases o expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas(números, datas, prezos) e temas cos que teña moita familiaridade.
Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata.	Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas que traten sobre temas familiares :un(a) mesmo(a), , a escola, o tempo libre ou a descrición de unha persoa.
Bloque 2. Producción de textos orais	
Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Se esforza por utilizar a lingua francesa aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir aclaracións.
Interactuar utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.	Fai e responde preguntas sinxelas sobre si mesmo(a) e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre.
Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, orixe, gustos...) utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas.	Participa en conversas informais breves nas que intercambia información moi básica e manifesta os seus gustos.
Bloque 3. Comprensión de textos escritos	
Utilizar estratexias de lectura identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras non coñecidas.	Comprende textos adaptados relativos a temas do seu interese.
Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos con conectores moi básicos relativos a temas da propia experiencia.	Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo(a) e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.
Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións.	Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles referidas a necesidades inmediatas.

Bloque 4. Producción de textos escritos	
Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica relativa aos seus datos persoais (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).
Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	Escribe notas, , felicitacións e mensaxes moi breves relativas a necesidades inmediatas.
Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos en soporte impreso ou dixital.	Escribe correspondencia moi breve e sinxela a partir dun modelo substituindo unha palabra ou expresión por outra para informar, preguntar de forma manuscrita o en formato dixital.
Bloque 5. Coñecemento la lingua e consciencia intercultural e plurilingüe	
Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir para facerse comprender.	Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas e iniciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, acentuación e entoación de palabras e frases.
Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, formulas moi básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto polas diferencias que poidan existir nos aspectos culturais.
Participar en proxectos (elaboración de folletos, carteis, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados con elementos transversais evitando estereotipos lingüísticos o culturais.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

As competencias clave que debe adquirir o alumno son:

1. Competencia en Comunicación Lingüística (CCL)
2. Competencia en Aprender a Aprender (CAA)
3. Competencia en Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)
4. Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)
5. Competencia Dixital (CD)

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: O traballo entregado polo alumnado.
	Instrumentos: Valorarase que o traballo sexa entregado en prazo, que estea completo e correcto, tendo en conta que hai alumnado con diferente grao de autonomía e que pode ter máis dificultades para traballar na casa. Así mesmo se valorará a participación nas sesións telemáticas, salvo que houbera unha causa, técnica ou de outro tipo, que o xustificara .
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Coma o francés é unha materia de contido progresivo, a súa avaliación é continua. A nota final será a da 2ª avaliación, á que se engaderá un máximo de 1,5 puntos que corresponden aos traballos realizados no terceiro trimestre. Se algún alumno tivera suspensa a 2ª avaliación e non entregara os traballos, debería realizar unha proba telemática.
Proba extraordinaria de setembro	Se algún alumno suspendera en xuño, a avaliación de setembro se faría mediante unha proba que incluíría actividades correspondentes ás catro destrezas e cuxa cualificación determinaría a nota final, non téndose en conta outros factores como a actitude ou o interese mostrado polo alumno.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Ningún alumno ten pendente a materia de francés 2ª lingua estranxeira.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Os alumnos realizan actividades correspondentes ás catro destrezas: CO,EO, CE e EE, así como as de carácter sociocultural e transversal.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado de Francés dispón de teléfono móbil e de conexión a Internet, medios que utilizan para recibir e enviar os traballos encomendados e as correccións aos mesmos, así como para plantear as súas dúbidas mediante as aplicacións de WhatsApp, correo electrónico e as sesións telemáticas.
Materiais e recursos	Libro de texto e caderno de exercicios con CD de audio. Fichas de gramática e actividades da plataforma Edixgal .

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A profesora mantén unha comunicación frecuente cos alumnos e cos seus pais a través do teléfono e do correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ
CURSO: 2º ESO
MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA
DEPARTAMENTO: FRANCÉS
DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Comprensión de textos orais	
Comprender preguntas e informacións relativas a información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.
Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou detalles relevantes do texto.	Comprende frases ou expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas cos que teña moita familiaridade.
Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado	Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas que traten sobre temas familiares :un(a) mesmo(a), , a escola, o tempo libre ou a descrición de unha persoa.
Bloque 2. Producción de textos orais	
Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe	Esfórzase por utilizar a lingua francesa aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir aclaracións, amosando unha actitude positiva cara ao uso da lingua estranxeira.
Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.	Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía mais sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións e fai e responde preguntas sinxelas sobre si mesmo(a) e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre.
Dar e obter información sobre datos básicos persoais sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas.	Participa en conversas informais breves e moi básicas cara a cara e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións, pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.
Bloque 3. Comprensión de textos escritos	
Utilizar estratexias de lectura identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras non coñecidas.	Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.

Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados con conectores moi básicos relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.	Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo(a) e sobre sentimentos, preferencias e afeccións referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.
Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente referidas a necesidades inmediatas de estrutura moi sinxela e con apoio visual.	Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles referidas a necesidades inmediatas de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

Bloque 4. Producción de textos escritos

Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses e ás súas afeccións.
Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade.	Escribe notas, avisos, instrucións, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital, moi sinxelas e breves relativas a actividades presentes e a necesidades inmediatas.
Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar e cun formato preestablecido en soporte impreso ou dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Escribe correspondencia moi breve e sinxela a partir dun modelo substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) de forma manuscrita o en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para facerse comprender.	Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, acentuación e entoación de palabras e frases.
Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas.	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.) e amosa respecto polas diferencias que poidan existir nos aspectos culturais.
Participar en proxectos (elaboración de folletos, carteis, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos o culturais.	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: O traballo entregado polo alumnado.
	Instrumentos: Valorarase que o traballo sexa entregado en prazo, que estea completo e correcto, tendo en conta que hai alumnado con diferente grao de autonomía e que pode ter máis dificultades para traballar na casa. Así mesmo se valorará a participación nas sesións telemáticas, salvo que houbera unha causa, técnica ou de outro tipo, que o xustificara .
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: Coma o francés é unha materia de contido progresivo, a súa avaliación é continua. A nota final será a da 2ª avaliación, á que se engaderá un máximo de 1,5 puntos que corresponden aos traballos realizados no terceiro trimestre. Se algún alumno tivera suspenso a 2ª avaliación e non entregara os traballos, debería realizar unha proba telemática.
Proba extraordinaria de setembro	Se algún alumno suspendera en xuño, a avaliación de setembro se faría mediante unha proba que incluíría actividades correspondentes ás catro destrezas e cuxa cualificación determinaría a nota final, non téndose en conta outros factores como a actitude ou o interese mostrado polo alumno.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Ningún alumno ten pendente a materia de francés 2ª lingua estranxeira.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Os alumnos realizan actividades correspondentes ás catro destrezas: CO, EO, CE e EE, así como as de carácter sociocultural e transversal.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado de Francés dispón de teléfono móbil e de conexión a Internet, medios que utilizan para recibir e enviar os traballos encomendados e as correccións aos mesmos, así como para plantear as súas dúbidas mediante as aplicacións de WhatsApp, correo electrónico e as sesións telemáticas.
Materiais e recursos	Libro de texto e caderno de exercicios con CD de audio. Fichas de gramática e actividades da plataforma Edixgal .

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A profesora mantén unha comunicación frecuente cos alumnos e cos seus pais a través do teléfono e do correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.